

Biblioteca de Medicina e  
Odontoloxía | Biblioteca de  
Enfermaría

# Integración das Competencias en Información nas Ciencias da Saúde

Curso 2019/2020

José Rodríguez Dopazo

Concepción Méndez García

## INTEGRACIÓN DAS COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN NAS CIENCIAS DA SAÚDE: INFORME DA BIBLIOTECA DE MEDICINA E ODONTOLOXÍA / BIBLIOTECA DE ENFERMARÍA PARA O CURSO 2019-2020

- **José Rodríguez Dopazo** | Director das bibliotecas da Facultade de Medicina e Odontoloxía e da Facultade de Enfermaría da USC | [jose.rodriquez.dopazo@usc.es](mailto:jose.rodriquez.dopazo@usc.es)
- **Concepción Méndez García** | Axudante de biblioteca das Facultades de Medicina e Odontoloxía e da Facultade de Enfermaría da USC | [concepcion.mendez@usc.es](mailto:concepcion.mendez@usc.es)

### Resumo

Descríbense os resultados das actividades de formación en competencias en información realizadas pola Biblioteca de Medicina e Odontoloxía / Biblioteca de Enfermaría no curso académico 2019-2020.

### Palabras chave

Competencias en Información, Ciencias da Saúde, Medicina, Odontoloxía, Enfermaría, Biblioteca Universitaria, Universidade de Santiago de Compostela

### Táboa de contidos

1. INTRODUCCIÓN
2. DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS
  - 2.1. Marco normativo
  - 2.2. Marco competencial
  - 2.3. Cursos
  - 2.4. Metodoloxía de aprendizaxe
  - 2.5. Matrícula e acreditación
3. RESULTADOS
  - 3.1. Por curso
  - 3.2. Por titulación
  - 3.3. Totais
  - 3.4. Enquisas de satisfacción
4. CONCLUSIÓNS
5. BIBLIOGRAFÍA

## 1. INTRODUCCIÓN

As competencias en información, entendidas como un conxunto de coñecementos, de habilidades, de actitudes e de valores que permiten xestionar a información necesaria para un propósito determinado, constitúen unha competencia básica e transversal a todas as titulacións que se imparten na USC. A Biblioteca Universitaria, na súa misión de colaborar coa Universidade no cumprimento dos seus fins, contribúe á adquisición destas competencias por parte da comunidade universitaria.

Os principais obxectivos deste informe son:

1. Presentar os resultados das actividades de formación en competencias en información realizadas pola Biblioteca de Medicina e Odontoloxía / Biblioteca de Enfermaría no curso académico 2019-2020.
2. Poñer en valor a función formadora da biblioteca e mostrar a súa capacidade de formación en competencias en información.

Este informe realízase no marco das funcións da Dirección da Biblioteca dos centros de responsabilizarse da execución da política bibliotecaria no centro, realizar os informes que sexan necesarios e avaliar e difundir as actividades realizadas pola biblioteca.

A metodoloxía de realización do informe é descritiva.

## 2. DESENVOLVEMENTO DOS CURSOS

### 2.1. Marco normativo

- O [Plan Estratégico da USC 2011-2020](#) indica a necesidade de potenciar a orientación dos servizos académicos á mellora dos procesos de ensino-aprendizaxe, convertindo á BUSC nun Centro de Recursos para a Docencia, a Aprendizaxe e a Investigación (CRAI), que contribúa á adquisición de Competencias en Información na comunidade universitaria.
- A Universidade de Santiago de Compostela (USC) ofrece a través da súa Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela (BUSC) un Programa de Formación en Competencias en Información.
- O apartado 6.3 do acordo do Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018 sobre o recoñecemento de créditos nos estudos de Grao dos Cursos de Competencias en Información organizados pola BUSC ao abeiro do artigo 12.8 do Real Decreto 1393/2007, establece que por Resolución Reitoral aprobarase a programación dos cursos recoñecibles a proposta da BUSC.
- En relación aos cursos propostos pola BUSC para o curso 2019/2020, nos que se enmarcan os avaliados neste informe, o 3 de setembro de 2019 publícase a Resolución Reitoral que aproba devanditos cursos para o seu recoñecemento como ECTS nos expedientes do alumnado de Grao da USC e para o seu recoñecemento no sistema de Xescampus a efectos de matrícula, emisión e xestión de actas.

### 2.2. Marco competencial

#### a) Nivel Básico

O curso de Nivel Básico de Competencias en Información desenvólvese dentro do marco competencial do DIGCOMP. Este proxecto DIGCOMP do Joint Research Center da Comisión Europea iniciouse no 2010 co obxectivo de identificar as chaves necesarias (coñecementos, habilidades e actitudes) para ser dixitalmente competente e elaborar un marco de referencia a nivel europeo para

as devanditas competencias. Como resultado deste traballo publícase en 2013 o [informe DIGCOMP: A framework for Developing and Understanding Digital Competence in Europe](#).

A Unión Europea integra as Competencias en Información dentro da Competencia Dixital, e define esta como unha das competencias fundamentais que todo estudante debe ter adquirido ao rematar a súa formación académica.

O alumnado asume que saber xestionar información é unha práctica transversal que debe completar o seu proceso de formación na universidade, práctica que lle facilita o estudo, axúdalle a investigar e a realizar traballos académicos cunha metodoloxía científica.

O DIGCOMP establece 21 competencias dixitais repartidas en cinco áreas:

- ÁREA 1: Información e tratamento de datos.
- ÁREA 2: Comunicación e colaboración.
- ÁREA 3: Creación de contido dixital.
- ÁREA 4: Seguridade.
- ÁREA 5: Resolución de problemas.

### b) Nivel Avanzado

Este curso de Nivel Avanzado sitúase dentro do marco competencial establecido por REBIUN no seu documento [Definición de Competencias Informacionais \(CI\)](#) (2014). O Decálogo CI2 comeza co [Documento marco de Competencias Informáticas e Informacionais \(CI2\) nos estudos de Grao](#) (2009), que marca as pautas e directrices formativas neste eido, pero será no 2014 coa [Definición de Competencias Informacionais](#), mencionada anteriormente, cando as CI se artellen en cinco competencias, establecendo para cada unha delas as realizacións competenciais e os indicadores, coñecementos, procedementos e actitudes necesarios para alcanzar a devandita competencia :

- **CINFO1** - Buscar información: recoñecer unha necesidade de información, coñecer os recursos nos que esta información se pode localizar e realizar estratexias de busca de maneira eficaz e eficiente.
- **CINFO2** – Avaliar a información: avaliar a información e as súas fontes de forma crítica e incorporar a información seleccionada á súa propia base de coñecemento e ao seu sistema de valores.
- **CINFO3** - Organizar e xestionar eficazmente a información reunida.
- **CINFO4** – Usar, publicar e difundir a información respectando as normas éticas e legais : usar a información e publicar e difundir o novo coñecemento xerado, respectando a lexislación e normas éticas aplicables.
- **CINFO5** – Manterse ao día e compartir información en rede: coñecer e utilizar os diferentes servizos de actualización de información científica ou especializada e compartir información usando as ferramentas de traballo en rede de forma cívica e segura.

### c) Nivel Experto

Os cursos a Nivel Experto ofrecidos polas bibliotecas de Medicina e Odontoloxía e Enfermaría, adscribíense no mesmo marco competencial que os de Nivel Avanzado, só que neste nivel, agárdase que o alumnado adquira as competencias citadas nun Nivel Experto.

As competencias que o alumnado debe adquirir neste nivel son:

- Saber xestionar información, xa que é unha práctica transversal que debe completar o seu proceso de formación na universidade, que lle facilita o estudo, axúdalle a investigar, e a realizar traballos académicos cunha metodoloxía científica.

- Buscar información, localizar, seleccionar, analizar e construír novos coñecementos de forma autónoma, construtiva e ética de acordo cos seus propósitos.
- Aprender a comunicar, difundir e compartir información reflexivamente e con responsabilidade, a través dos seus traballos académicos e das redes sociais. Coñecer os seus dereitos de autor e aprender a evitar o plaxio.
- Saber como aumentar a visibilidade da súa investigación, creando o seu perfil dixital e publicando e acceso aberto.

## 2.3. Cursos

### a) Nivel Básico

O Nivel Básico estivo dirixido ao alumnado de 1º curso de Grao das titulacións de Medicina, Odontoloxía e Enfermaría. Realizáronse dúas edicións de catro semanas de duración cada unha, para facilitarlles a quenda que lle resultase máis acaída ás súas necesidades. A primeira edición tivo lugar entre o 1 de novembro e o 4 de decembro de 2019 e a segunda entre o 16 de decembro de 2019 e o 7 de febreiro de 2020.

Consta de dez módulos teóricos, coas súas tarefas correspondentes e incluíu unha visita obrigatoria á biblioteca da facultade ao comezo do curso, onde se lles deu a coñecer o espazo e os principais servizos da biblioteca.

O curso contou ademais cun Test de Coñecementos Previos (TCP) e cun Test de Avaliación Final (TAF) coas mesmas preguntas para poder analizar a curva de aprendizaxe. Este curso tamén achega unha Enquisa Inicial e unha Enquisa de Valoración Final: a primeira ten como finalidade saber se o alumnado recibiu algún tipo de formación en competencias nos seus estudos previos ao acceso á universidade e a segunda, pretende obter unha valoración de carácter cualitativo sobre a formación recibida; solicítaselle ao alumnado que aporte suxestións e críticas construtivas sobre o curso, que serán tidas en conta para futuras edicións.

Os módulos teóricos que se tratan son:

- 0: Introducción ao curso.
- 1: A biblioteca e os recursos TIC da USC.
- 2: Como buscar e usar a información.
- 3: Buscar no Catalogo da BUSC.
- 4: Buscar na web da BUSC.
- 5: Buscar información en Internet.
- 6: Como facer un traballo académico.
- 7: Citar a información e evitar o plaxio.
- 8: Traballando na rede.
- 9: Seguridade Informática. Protéxete.

No Grao de Medicina a formación estivo asociada á materia de primeiro curso [Iniciación á investigación](#). No apartado de Sistema de Avaliación do seu programa indícase textualmente: “valorarase tamén a adquisición de competencias informacionais para o que o alumno deberá realizar o curso ofertado ao respecto en colaboración coa biblioteca e as probas que se deriven do mesmo. O curso ten o seguinte nome: CURSO BÁSICO EN COMPETENCIAS EN INFORMACIÓN, é un curso en liña aloxado no Campus virtual da USC. O alumnado adquirirá habilidades para buscar,

localizar, seleccionar e analizar información e construír a partir dela novos coñecementos. Ademais aprenderá a comunicar, difundir e compartir información reflexivamente e con responsabilidade”.

No caso do Grao de Enfermaría a materia Estatística e Metodoloxía da Investigación de primeiro curso, informa no seu programa, que a avaliación terá en conta a superación con éxito do Curso de Competencias en Información. Nivel Básico como parte da avaliación da materia.

No Grao de Odontoloxía o curso está vencellado á materia [Historia da Odontoloxía e Documentación](#) que no seu programa sinala que : “Para o desenvolvemento das competencias informacionais ofrécese, en colaboración coa Biblioteca, un Curso Básico en Competencias en Información, curso en liña aloxado no Campus virtual da USC e que supón un traballo estimado en 25 horas. O alumnado adquirirá habilidades para buscar, localizar, seleccionar e analizar información e construír con ela novos coñecementos. Ademais aprenderá a comunicar, difundir e compartir información reflexivamente e con responsabilidade”.

### **b) Nivel Avanzado**

Dirixido ao alumnado dos últimos cursos do Grao das titulacións de Medicina, Odontoloxía e Enfermaría e orientado á realización do Traballo de Fin de Grao.

Igual que no Básico, ofrecéronse dúas edicións de catro semanas de duración cada unha, para facilitarlle ao alumnado a súa realización na quenda que lle resultase máis oportuna. A primeira edición tivo lugar entre o 1 e o 30 de novembro de 2019 e a segunda entre o 24 de febreiro de 2020 e o 1 de abril de 2020.

Estrutúrase en seis módulos teóricos, coas súas tarefas correspondentes e impartíronse clases presenciais para apoiar alumnado na parte práctica do curso.

O curso contou ademais cun Test de Coñecementos Previos (TCP) e cun Test de Avaliación Final (TAF). Solicítaselle ao alumnado que cubra unha Enquisa Inicial e unha Enquisa de Valoración Final: a primeira ten como finalidade saber se o alumnado recibiu algún tipo de formación en competencias nos seus estudos universitarios e na segunda, preténdese obter unha valoración de carácter cualitativo sobre o curso recibido.

Os módulos teóricos deste curso de Nivel Avanzado son:

- 1: Que necesito aprender e para que?
- 2: A Biblioteca Universitaria (BUSC). Recursos TIC á túa medida.
- 3: Buscar información.
- 4: Avaliar e organizar a información.
- 5: Tratar a información. Como elaborar un Traballo de Fin de Grao (TFG).
- 6: Comunicar e difundir a información.

### **c) Nivel Experto**

Realizáronse dous cursos: un adscrito ao Máster en Atención Sanitaria, Xestión e Coidados e ao Máster en Xerontoloxía para alumnado de Enfermaría e outro para o alumnado de posgrao de Odontoloxía.

A formación a nivel experto dirixida ao alumnado dos másters de Enfermaría desenvolveuse nunha edición de oito semanas de duración, que tivo lugar entre o 21 de outubro e o 15 de decembro de

2019. Este mesmo curso, dirixido ao alumnado de Odontoloxía, ofreceuse tamén nunha única edición entre o 28 de xaneiro e 27 de marzo de 2020.

A inversión de tempo por parte do alumnado para a realización do curso tivo un carácter estimado de 25 horas e organizouse en sete módulos, cos seus contidos teóricos e tarefas correspondentes de carácter obrigatorio:

- 0: A biblioteca universitaria (BUSC). Recursos TIC da USC á túa medida
- 1: Que necesito aprender e para que
- 2: Buscar información
- 3: Avaliar e organizar a información
- 4: Avaliar a ciencia
- 5: Uso e tratamento da información. Como elaborar un traballo de investigación
- 6: Comunicar e difundir a información

#### **2.4. Metodoloxía de aprendizaxe**

Os cursos dos tres niveis (Básico, Avanzado e Experto) desenvolvéronse a través do Campus Virtual da Universidade de Santiago de Compostela e tiveron como soporte a plataforma Moodle.

Os niveis Avanzado e Experto tiveron un carácter semipresencial. No caso do Nivel Avanzado impartíuse unha sesión presencial voluntaria de catro horas de duración, para cada edición, cos seguintes contidos:

- Como estruturar un traballo científico.
- Como realizar buscas en bases de datos especializadas.
- Como usar o xestor de referencias bibliográficas RefWorks.
- Como citar e como redactar correctamente referencias bibliográficas.

O material de apoio empregado para estas clases prácticas foi posto a disposición do alumnado do curso a través da plataforma Moodle.

O alumnado de Nivel Experto de Enfermaría e Odontoloxía recibiu as clases prácticas, de carácter obrigatorio e de catro horas de duración en dúas sesións, os días 11 e 12 de novembro de 2019. O alumnado de Odontoloxía recibíunas os días 11 e 18 de febreiro de 2020. Os contidos tratados nestas sesións foron:

- Buscas de información
- Traballo científico
- RefWorks
- Calidade

O material empregado para estas clases prácticas foi posto a disposición do alumnado do curso a través da plataforma do mesmo.

Os cursos foron impartidos polo persoal da biblioteca da Facultade de Medicina e Odontoloxía e da biblioteca da Facultade de Enfermaría.

Os niveis Básico e Avanzado estiveron titorizados por cinco membros do persoal das bibliotecas das dúas facultades implicadas: dous da Escala de Auxiliares de arquivos, bibliotecas e museos e tres da Escala de Axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas.

O Nivel Experto estivo titorizado por tres membros do persoal das dúas bibliotecas, pertencentes á Escala de Axudantes de arquivos, bibliotecas e museos, especialidade bibliotecas da USC.

## 2.5. Matrícula e acreditación

A matrícula para os cursos de Nivel Básico e Nivel Avanzado realizouse con procedemento de automatrícula a través da Secretaría Virtual da USC. Desde o curso académico 2018-2019 a USC recoñece esta actividade formativa cun crédito ECTS, que a persoa interesada debe solicitar a través da Unidade de Xestión Académica da USC unha vez pechado o periodo oficial de actas do semestre correspondente.

A matrícula no curso de Nivel Experto para o Máster en Xerontoloxía e para o Máster en Atención sanitaria, xestión e coidados está integrado nos propios másters. No caso do alumnado do posgrao de Odontoloxía a matrícula realízase a biblioteca, previa solicitude do alumnado.

Estes cursos están recoñecidos con 25 horas e pódese solicitar o Diploma á Biblioteca Universitaria, que o entregará previa solicitude por escrito do alumno ou alumna e firmado pola dirección da Biblioteca Universitaria de Santiago de Compostela.

## 3. RESULTADOS

No curso 2019/2020 as bibliotecas da Facultade de Medicina e Odontoloxía e da Facultade de Enfermaría formaron a un total de 829 alumnas e alumnos dos 951 matriculados nos tres niveis ofrecidos de Cursos de Competencias en Información: Nivel Básico, Nivel Avanzado e Nivel Experto.

### 3.1. Por curso

	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO APTO	ALUMNADO FORMADO
Nivel Básico CI	540	479	88,70 %
Nivel Avanzado CI	353	308	87,25 %
Nivel Experto CI	58	42	72,41 %

### 3.2. Por titulación

MEDICINA			
	ALUMNADO MATRICULADO	ALUMNADO APTO	ALUMNADO FORMADO
Nivel Básico CI	348	320	91,95%
Nivel Avanzado CI	313	281	89,77%
Nivel Experto CI	Non se oferta	Non se oferta	Non se oferta

<b>ODONTOLOXÍA</b>			
	<b>ALUMNADO MATRICULADO</b>	<b>ALUMNADO APTO</b>	<b>ALUMNADO FORMADO</b>
<b>Nivel Básico CI</b>	33	27	<b>81,81%</b>
<b>Nivel Avanzado CI</b>	9	6	<b>66,66%</b>
<b>Nivel Experto CI</b>	16	13	<b>81,25%</b>

<b>ENFERMARÍA</b>			
	<b>ALUMNADO MATRICULADO</b>	<b>ALUMNADO APTO</b>	<b>ALUMNADO FORMADO</b>
<b>Nivel Básico CI</b>	159	132	<b>83,01%</b>
<b>Nivel Avanzado CI</b>	31	21	<b>67,74%</b>
<b>Nivel Experto CI</b>	42	29	<b>69,04%</b>

### 3.3. Totais

<b>CURSOS EN COMPETENCIAS EN CIENCIAS DA SAÚDE</b>	
<b>CURSO 2019/2020</b>	
<b>ALUMNADO MATRICULADO</b>	<b>951</b>
<b>ALUMNADO APTO</b>	<b>829</b>
<b>ALUMNADO FORMADO</b>	<b>87,17%</b>

### 3.4. Enquisas de satisfacción

#### a) Nivel Básico

A Enquisa de Satisfacción Final consta de 15 preguntas. En 13 solicítase a puntuación dos ítems consultados cunha valoración de 1 a 5, onde 1 é o grao mínimo ou moi baixo e 5 é o grao máximo ou moi alto. Na última pregunta ou ítem solicítaselle ao alumnado a súa opinión sobre o curso a través dunha caixa de texto libre, na que pode deixar constancia das súas críticas e suxestións para a mellora do mesmo.

Esta enquisa foi contestada por 469 alumnos dos 540 matriculados. Queremos destacar o grao de satisfacción respecto a catro ítems concretos, tomando como mostra o número de respostas con valoración de 3 a 5, e a súa porcentaxe con respecto ao número de enquisas respostadas:

ENQUISA DE SATISFACCIÓN FINAL   ÍTEMS	Nº RESPONSTAS	SATISFACCIÓN
En que grao cubriu este curso as túas necesidades de formación?	414	<b>88,27%</b>
En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión de información?	435	<b>92,75%</b>
En que grao consideras que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa área de coñecemento?	433	<b>92,32%</b>
En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros e compañeiras?	399	<b>85,07%</b>

### b) Nivel Avanzado

As características da Enquisa de Satisfacción Final son iguais que para o Nivel Básico e vanse valorar os mesmos ítems. Salientamos de novo o grao de satisfacción respecto a catro ítems concretos, tomando como mostra o número de respostas con valoración de 3 a 5, e a súa porcentaxe con respecto ao número de enquisas respostadas. Neste caso a enquisa foi respostada por 245 dos 353 matriculados no curso.

ENQUISA DE SATISFACCIÓN FINAL   ÍTEMS	Nº RESPONSTAS	SATISFACCIÓN
En que grao cubriu este curso as túas necesidades de formación?	233	<b>95,10%</b>
En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión de información?	237	<b>96,73%</b>
En que grao consideras que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa área de coñecemento?	234	<b>95,51%</b>
En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros e compañeiras?	224	<b>91,42%</b>

### c) Nivel Experto

A Enquisa de Satisfacción Final consta de 18 preguntas. En 16 solicítase a puntuación dos ítems cunha valoración de 1 a 5, onde 1 é o grao mínimo ou moi baixo e 5 é o grao máximo ou moi alto. Na última pregunta solicítaselle ao alumnado a súa opinión sobre o curso a través dunha caixa de texto libre, na que pode deixar constancia das súas críticas e suxestións para a mellora do mesmo.

Nos cadros de resultados queremos destacar o grao de satisfacción respecto a seis ítems concretos, tomando como mostra o número de respostas con valoración de 3 a 5, e a súa porcentaxe con respecto ao número de enquisas respostadas:

### c.1) Máster en Xerontoloxía e Máster en Atención sanitaria, xestión e cuidados (Enfermaría)

A enquisa foi respostada por 29 dos 42 membros do alumnado matriculados no curso.

ENQUIZA DE SATISFACCIÓN FINAL   ITEMS	Nº RESPOTAS	SATISFACCIÓN
En que grao cubriu este curso as túas necesidades de formación?	19	65,51%
En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión de información?	18	62,06%
En que grao consideras que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa área de coñecemento?	19	65,51%
En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros e compañeiras?	17	58,62%
Se asistiches á sesión presencial, valora a súa utilidade para a túa formación académica	17	58,62%
En que grao consideras que o curso che vai axudar na túa formación académica e profesional?	19	65,51%

### c.2. Posgrao de Odontoloxía

A enquisa foi respostada por 11 dos 16 membros do alumnado matriculados no curso.

ENQUIZA DE SATISFACCIÓN FINAL	Nº RESPOTAS	SATISFACCIÓN
En que grao cubriu este curso as túas necesidades de formación?	11	100%
En que grao cres que o curso foi útil para adquirir novos coñecementos e habilidades na xestión de información?	11	100%
En que grao consideras que coñeces mellor os recursos de información xerais e específicos da túa área de coñecemento?	11	100%
En que grao recomendarías este tipo de formación aos teus compañeiros e compañeiras?	11	100%
Se asistiches á sesión presencial, valora a súa utilidade para a túa formación académica	11	100%
En que grao consideras que o curso che vai axudar na túa formación académica e profesional?	11	100%

### d. Valoración

A Enquisa de satisfacción final, en todos os niveis, ten como último item un campo de texto libre onde o alumnado pode aportar as súas opinións, críticas e suxestións sobre o curso realizado.

### **d.1. Nivel Básico**

#### Críticas e suxestións:

- Maior flexibilidade nas datas de realización do curso.
- Supresión da limitación de tempos nalgúns dos exercicios do curso.
- Posibilidade de ofertar o curso en castelán ou inglés debido á presenza nas diferentes titulacións de alumnado procedente do estranxeiro ou de diferentes puntos de España.

#### Outras valoracións:

- Curso ben organizado e estruturado.
- Adquisición de ferramentas para realizar traballos e labores de investigación.
- Curso dinámico, con contidos de grande utilidade para o alumnado.

### **d.2. Nivel Avanzado**

#### Críticas e suxestións:

- Desacordo coa obrigatoriedade de aprobar certos exercicios para obter o apto/a no curso.
- Demanda de máis titoriais en vídeo.
- Posibilidade de ofertar o curso en castelán ou inglés debido á presenza nas diferentes titulacións de alumnado procedente do estranxeiro ou de diferentes puntos de España.
- Solapamento das clases presenciais do curso de competencias coas da titulación.
- Necesidade dunha maior difusión a través de diferentes canles, debido á utilidade do curso.
- Necesidade dunha maior parte práctica e presencialidade.

#### Outras valoracións:

- Moi útil e ben orientado de cara ao TFG.
- Excelente. Solicitude de continuidade na formación en competencias.
- Alta utilidade das clases presenciais.
- Curso dinámico que aporta coñecementos que non se adquiren na carreira.
- Posibilidade de facer o curso obrigatorio polo valor dos seus contidos e utilidade.

### **d.3. Nivel experto**

#### Críticas e suxestións:

- Desacordo coas datas de celebración das clases prácticas.
- Dificultade das tarefas de carácter práctico.

#### Valoracións positivas:

- Necesidade de máis clases presenciais.

#### 4. CONCLUSIONES

Os resultados, tanto os cuantitativos como os cualitativos, mostran unha actividade con un alto grao de implantación e valoración na área das ciencias da saúde.

A institucionalización desta actividade, entendida como a súa integración nos métodos e procedementos que a USC aplica á formación oficial e regulada, móstrase como a máis eficaz para chegar aos usuarios.

Aínda que as memorias das titulacións prevén a adquisición desta competencia transversal, na práctica, a formación específica vén da man das bibliotecas.

A colaboración da biblioteca co PDI e cos órganos de goberno dos centros resulta fundamental na consolidación e o éxito das actividades formativas.

A comunidade universitaria inclúe, ademais do alumnado, o Persoal Docente e Investigador (PDI) e o Persoal de Administración e Servizos (PAS). A BUSC desenvolveu actividades específicas de formación en CI dirixidas a estes colectivos.

No contexto da situación sanitaria que estamos a vivir, ven de publicarse o documento *Directrices para o Desenvolvemento dunha Docencia Presencial Segura para o curso 2020-2021* que constituirá o marco de referencia da Universidade á hora de afrontar o próximo ano académico en base a tres posibles escenarios: normalidade adaptada, distanciamento e peche de instalacións. Este documento recolle, dentro das accións de carácter formativo dirixidas ao PDI, a oferta dos cursos de formación en competencias en información da BUSC.

## 5. BIBLIOGRAFÍA

1. Real Decreto 1393/2007, de 29 de octubre, por el que se establece la ordenación de las enseñanzas universitarias oficiales. Boletín Oficial del Estado. 2007;260.
2. Universidade de Santiago de Compostela. Regulamento de matrícula, elaboración e defensa dos traballos fin de grao e fin de máster na Universidade de Santiago de Compostela, Aprobado polo Consello de Goberno do 10 de marzo de 2016 [Internet]. Dispoñible en: [https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/xestionacademica/Pto\\_15.-Regulamento\\_de\\_matrxculax\\_elaboracixn\\_e\\_defensa\\_TFG\\_e\\_TFMok.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/xestionacademica/Pto_15.-Regulamento_de_matrxculax_elaboracixn_e_defensa_TFG_e_TFMok.pdf)
3. Comisión Mixta CRUE-TIC, REBIUN. Competencias informáticas e informacionais (CI2) en los estudios de Grado [Internet]. 2012 [consultado xuño 2020]. Dispoñible en: <http://www.rebiun.org/sites/default/files/2017-11/dec%C3%A1logo%20CI2.pdf>
4. REBIUN. Definición de Competencias Informacionais [Internet]. 2014 [consultado marzo 2019]. Dispoñible en: [https://www.rebiun.org/sites/default/files/2017-11/Definicion\\_Competicencias\\_Informacionais\\_2014.pdf](https://www.rebiun.org/sites/default/files/2017-11/Definicion_Competicencias_Informacionais_2014.pdf)
5. Recomendación del Parlamento Europeo y del Consejo de 18 de diciembre de 2006 sobre las competencias clave para el aprendizaje permanente (2006/962/CE). Diario Oficial de la Unión Europea. 2006;L394(10)
6. REBIUN. Marco de competencia digital para estudiantes de grado: adaptación de DIGCOMP [Internet]. 2016 [consultado xuño 2020]. Dispoñible en: <http://hdl.handle.net/20.500.11967/65>.
7. Universidade de Santiago de Compostela. Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela [Internet]. 2014. [consultado xuño 2020]. Dispoñible en: [https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Estatutos\\_da\\_Universidade\\_de\\_Santiago\\_de\\_Compostela\\_-\\_DECRETO\\_14-2014x\\_do\\_30\\_de\\_xaneirox\\_polo\\_que\\_se\\_aproban\\_os\\_estatutos\\_da\\_USC.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/normativa/descargas/documentos/Estatutos_da_Universidade_de_Santiago_de_Compostela_-_DECRETO_14-2014x_do_30_de_xaneirox_polo_que_se_aproban_os_estatutos_da_USC.pdf)
8. Universidade de Santiago de Compostela. O Plan Estratéxico da BUSC 2011- 2014 [Internet]. 2011 [consultado xuño 2020]. Dispoñible en: <https://www.usc.es/export9/sites/webinstitucional/gl/servizos/biblioteca/descargas/plan-estrategico.pdf>
9. Universidade de Santiago de Compostela. Biblioteca Universitaria. Programa de formación en competencias informacionais (CI) da BUSC. 2017.
10. Directrices para o desenvolvemento dunha docencia presencial segura (Curso 2020-2021) [Internet]. 2020 [consultado xuño 2020] Dispoñible en : [https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/web/descargas/20\\_06\\_26\\_Directrices-docencia-2020-2021.pdf](https://www.usc.gal/export9/sites/webinstitucional/gl/web/descargas/20_06_26_Directrices-docencia-2020-2021.pdf)